

ORDENANZA 3.16
TAXA POR PRESTACIÓN DO SERVIZO DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS
SÓLIDOS URBANOS

Artigo 1º. Fundamento e natureza

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución, polo art. 106 da Lei 7/85 de 2 de abril reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 e 20.4 s) do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLFL), o Concello de Santiago de Compostela establece a Taxa por prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, que se regulará pola presente Ordenanza fiscal segundo o previsto no artigo 57 do devandito Real Decreto.

Artigo 2º. Feito imponible

1. Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos seguintes servizos:

- a. recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos nos que se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos.
- b. limpeza de inmobles e locais dos que os ocupantes se neguen ou resistan á orde de facela.
- c. retirada de lixo e escombros procedentes de obras, vertidos ou abandonados nas vías municipais.

2. Salvo os casos nos que se asigna carácter voluntario á prestación, o servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos será de recepción obrigatoria naquelas zonas onde se preste. A organización e funcionamento do servizo subordinarase ás normas dictadas polo Concello. En particular son obrigatorios:

- a. a recollida de residuos sólidos urbanos de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos nos que se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas ou de servizos, segundo o sinalado no cadro de tarifas
- b. a limpeza de inmobles e locais dos que os ocupantes se neguen ou resistan á orde de facela.
- c. a retirada de lixo e escombros procedentes de obras, vertidos ou abandonados nas vías municipais.

3. Considerarase de carácter voluntario a prestación de servizos realizada, a pedimento de parte, para:

- a) a recollida de mobles, utensilios e trastos inútiles.
- b) a recollida de calquera outro produto ou material non enumerado neste artigo, que teña a consideración de residuo sólido urbano
- c) a utilización do vertedoiro sanitario controlado municipal, para o tratamento daqueles residuos que non recolla o servizo municipal de limpeza.

Artigo 3. Suxeito pasivo

1. Son suxeitos pasivos contribuintes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o art. 35.4 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares ou vías públicas en que se preste o servizo, xa sexa a título de propietario, usufrutuario, arrendatario ou precarista. Cando se trate de servizos prestados previa solicitude será suxeto pasivo o solicitante ou causante da prestación.

2 Presúmese que é suxeito pasivo o titular do abono ao servizo municipal de augas ou, no caso de negocios ou asimilados, a persoa titular dos tributos municipais que gravan a actividade desenvolvida ou a propiedade do local.

3. Terán a condición de substitutos do contribuinte os propietarios dos inmobles nos que se preste o servizo, que poderán repercutir as cotas, no seu caso, aos respectivos beneficiarios.

Artigo 4. Responsables

1. Responderán solidariamente das débedas tributarias as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

2. Serán responsables subsidiarios as persoas ou entidades ás que se refire o artigo 43 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Artigo 5. Cota tributaria

1. A tarifa do servizo de recepción obrigatoria de recollida de RSU, non incluídos no parágrafo dous deste artigo, constará dunha parte fixa e unha parte variable. A parte fixa será única por unidade de local, aínda que diferenciada en función do tipo de actividade desenvolta no mesmo.

No caso das vivendas (tarifa doméstica), a parte variable establécese en función do consumo de auga. Para os locais de negocio, administracións públicas e asimilados, a parte variable establécese, salvo as excepcións reguladas especificamente, en función da actividade desenvolvida e a superficie.

1.A. Tarifa doméstica :

a Cota fixa: Cada vivenda contribuirá con 6,17€ mensuais

b Cota variable: adicionalmente, as vivendas con consumo de auga superior a 10 m³ mensuais contribuirán con 0,177 € mensuais por m³ en exceso. O importe da cota variable non poderá superar o 75% da cota fixa.

1.B. Tarifa de locais de negocio, vivendas colectivas, administracións públicas e asimilados:

a.Cota fixa: Cada local de negocio ou actividade, vivenda colectiva, administración pública ou asimilado, pagará unha cota fixa mensual de 10,90 €. Esta cota fixa será única por unidade de local, con independencia de que no mesmo sexan desenvoltas varias actividades polo mesmo obrigado tributario (ou sirva simultaneamente de vivenda e local de actividade).

b.Cota variable: Será o resultado de multiplicar o número de m² de cada local polo valor base anual de 1,34 € e o coeficiente correspondente á actividade segundo o parágrafo 1.C deste artigo.

A superficie dos locais, a efecto de determinar a base de gravame, comprenderá a totalidade do local afecto á actividade (1) para os locais de negocio: superficie declarada no censo de obrigados tributarios se se trata de suxeitos pasivos exentos do Imposto sobre Actividades Económicas ou na Matrícula do Imposto sobre Actividades Económicas respecto dos non exentos, e 2) para o resto: superficie construída do padrón do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana), sen que proceda a exclusión de ningunha dependencia por razón do seu uso específico.

b.1. Para os locais que contén con compactadoras a cota variable mensual será o resultado de multiplicar o número de kilogramos recollidos polo valor de 0,085 €. En todo caso a cifra resultante non poderá ser inferior ao 60% da que resultase de aplicar a norma xeral de cálculo.

O uso de compactadoras será de obrigado cumprimento para os grandes produtores de lixo, segundo as resolucións da Xunta de Goberno Local a proposta do servizo. A dotación de compactadora será responsabilidade de cada gran produtor. En todo caso, o uso de compactadoras municipais será considerado un servizo de carácter voluntario.

b.2. As actividades que se desenvolvan nas vivendas dos titulares da actividade aplicaráselles un coeficiente reductor do 0,5 sobre a cota variable, sempre e cando abonen ademais as cantidades que correspondan á vivenda.

b.3. No caso dos locais de culto das distintas confesións, así como clubs, grupos e asociación culturais ou deportivas e outras asociacións sen ánimo de lucro debidamente rexistradas, a tarifa variable terá un mínimo exento de superficie de 5.000 m². Aplicarase un coeficiente reductor do 0,38 á superficie declarada

b.4. No caso de locais ocupados por Administracións públicas para a prestación de servizos administrativos ou educativos practicarase unha redución dun 50% na tarifa xeral aplicable.

b.5. No cómputo da superficie dos locais de negocio, aplicaranse os seguintes coeficientes correctores por tramos:

Superficie declarada Coeficiente

Mais de 5000 m ² ata 10.000 m ² :	0,75
Mais de 10.000 m ² ata 20.000 m ² :	0,50
Mais de 20.000 m ² :.....	0,20

b.6. No caso de campamentos turísticos encadrados no grupo 687 da sección 1ª das Tarifas do Imposto sobre actividades económicas, que permanezan abertos menos de oito meses ao ano, aplicarase un coeficiente reductor do 0,70 á superficie declarada

b.7. No caso de locais encadrados nas agrupacións 61, 62 e 69, e no epígrafe 654.1 da sección 1ª das Tarifas do Imposto sobre actividades económicas, e para determinar a base de gravame, a superficie dos locais será a superficie computable calculada segundo o disposto na Regla 14.1 F) da Instrucción do Imposto sobre actividades económicas aprobada por Real Decreto Legislativo 1175/1990.

1.C. Os coeficientes de cada actividade ou grupo de actividades e a correspondencia de cada unha delas en termos dos epígrafes do Imposto sobre actividades económicas é a seguinte:

Actividade Coeficiente Epígrafe IAE

Hoteis e residencias 0,68 681 a 686; 9351,9352; SECCIÓN 1

Restaurantes 4,55 6711 a 6715 SECCIÓN 1

Cafeterías bares pubs 2,21 6721 a 6723; 6731,6732; 6741 A 6746.

SECCIÓN 1 Profesionais e oficinas 0,68 SECCIÓN 2 Locais das actividades de construción (División 5) e promoción inmobiliaria. (833 da sección 1ª), locais dos epígrafes 755 e 761 da sección 1ª e oficinas dos epígrafes comprendidos nas Divisións 8 e 9 da sección 1ª, con exclusión dos locais do epígrafe 8562 da devandita sección.

Comercio menor e maior (menos alimentación) 0,85 División 6 da Sección 1ª, agás grupos 611, 612, 641, 642, 643, 644, 645 e 647, locais do epígrafe 8562 da sección 1ª.

Comercio alimentación menor e maior e industria alimentaria 2,84 Grupos 611 e 612, 641, 642, 643, 644, 645, 647; Agrupacións 41 e 42, da S 1 Industria (salvo a alimentaria) 0,55 Divisións 1 a 4, con excepción das agrupacións 41 e 42 da S 1

Transportes e almacens 0,33 Locais afectos directa e indirectamente ás actividades de transporte da División 7 da Sección 1ª, agás os locais dos epígrafes 755 e 761 da devandita sección.

Centros educativos, edificios administrativos, museos e bibliotecas 0,36 Epígrafes 9311, 9312, 9313, 9314 e 9315; 9321, 9322, 9331, 933 2e 9339; grupo 936. S 1

Clínicas, hospitais e sanatorios 0,85 Grupo 941 e 942 da S1

Servicios recreativos e culturais 0,38 Agrupación 96 da S1; grupo 687

2. A tarifa doutros servizos, de carácter obrigatorio ou voluntario será:

2.A. Retirada de escombros

Por retirada de escombros procedentes de obras, a cota unitaria por cada 100 kg. ou fracción será de 165,50 €

2.B. Utilización do vertedoiro:

Por utilización do vertedoiro sanitario controlado en horario prefixado, previa solicitude, por Tm. Ou fracción
34,20 €

Os verquidos de particulares de peso inferior a 250 kgs estarán exentos do pago da tarifa.

2.C. Aluguer de compactadoras municipais:

M3 EUROS/mes

Con Ozonizador :

20.....	442,00 €
15.....	405,20 €
11.....	324,20 €

Sen Ozonizador :

20.....	420,00 €
15.....	383,20 €
11.....	324,20 €

Artigo 6. Beneficios fiscais

1.- Estarán exentos do pago da cota fixa da tarifa doméstica (artigo 5.1.1. A.a) os seguintes contribuíntes:

a.- os beneficiarios dunha Renda de Inserción Social de Galiza durante o primeiro ano de vixencia da devandita prestación.

b.- cando os ingresos anuais da unidade familiar, divididos polo número de membros que a compoñan, non superen o indicador de rendas de efectos múltiples vixente (IPREM) ou índice que o substitúa, por un período de 6 meses dentro do ano natural

c.- as mulleres embarazadas que polas súas circunstancias persoais se atopen soas ou estean integradas en familias con risco de exclusión social ou con especiais dificultades para o exercicio das responsabilidades parentais, dende a data da concesión ata que o menor cumpra 3 anos de idade.

Para ter dereito á obtención destes beneficios, a persoa interesada deberá acreditar o cumprimento das condicións que motivan o seu outorgamento durante todo o tempo que dure a bonificación e ten a obriga de comunicar os cambios das circunstancias que deron lugar ao mesmo

A solicitude de beneficio fiscal prevista neste parágrafo será informada polo Departamento de Servicos Sociais.

2.- Poderán solicitar unha bonificación da tarifa de ate un 75% aqueles produtores de lixo que fagan unha contribución destacada e efectiva aos programas de recollida selectiva establecidos polo Concello. A

solicitud de bonificación terá unha vixencia máxima dun ano natural e será informada polo Departamento de Medio Ambiente.

Os criterios para a aplicación da bonificación son os que se sinalan de seguido:

1. As vivendas que realicen compostaxe de materia orgánica mediante composteiros, ben a título individual ou por participación nalgún programa promovido polo Concello de Santiago, obterán unha bonificación dun 50% sobre o importe da taxa que lle corresponda.
2. As empresas ou establecementos comerciais que teñan implantado un sistema de xestión medioambiental, ben a través dunha ISO 14.000 ou do Regulamento 1221/2009, de 25 de novembro, de participación voluntaria de organizacións nun sistema comunitario de xestión e auditoría medioambientais (EMAS), obterán unha bonificación dun 30% do importe da taxa que lles corresponda.
3. As empresas que fagan unha contribución destacada ás políticas ambientais en materia de residuos, poderán obter unha bonificación de ate un 45% na taxa que lles corresponda, sendo acumulable este suposto ao regulado no apartado anterior.

A bonificación por autocompostaxe deberá validarse por comprobación dos técnicos municipais da existencia do composteiro ou similar así como da súa utilización.

A bonificación por implantación dun sistema de xestión medioambiental, deberá acreditarse coa presentación ante o Concello de Santiago do certificado de auditor autorizado.

A bonificación por contribución destacada ás políticas ambientais en materia de residuos, deberá acreditarse coa presentación ante o Concello de documentos fidedignos.

A vixencia da bonificación terá efecto dende o 1 de xaneiro até o 31 de decembro, sempre que se demostre o cumprimento dos requisitos esixidos. Solicitudes posteriores serán efectivas a partires da data en que se presenten até o 31 de decembro. En émbolos dous casos, a concesión das bonificacións, será sen prexuízo do establecido no parágrafo seguinte sobre a revogación da bonificación.

Os produtores que teñan concedida a bonificación en base a unha xestión determinada dos residuos están na obriga de comunicarlle ao Concello calquera cambio que se produza nela, valorándose a conveniencia de manter ou non a bonificación concedida, poidendo retirala a proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e do concelleiro delegado de facenda, á vista dos informes técnicos existentes.

3. Terán unha bonificación do 40% aqueles contribuintes que habiten en zonas nos que a recollida teña lugar en días laborables alternos.

4. Con independencia do establecido nos parágrafos anteriores, non serán aplicables outros beneficios fiscais que os expresamente previstos en normas con rango de lei e os derivados da aplicación de tratados internacionais.

Artigo 7. Periodo impositivo e obriga de contribuír

1. O período impositivo coincide co ano natural, excepto cando se trate de supostos de inicio na prestación do servizo, en cuio caso abarcará desde esa data ata o remate do ano natural.
2. Para a recollida xeral e obrigatoria en vivendas e locais comerciais a obriga de contribuír nace desde o momento en que se presta o servizo na zona na que se sitúa a vivenda ou o establecemento. Nos núcleos rurais e, en xeral, no ámbito rural enténdese que está establecido o servizo cando exista un contedor de recollida nun radio de 200 metros contados a partir de calquera punto do edificio, construción ou local onde se ubica a vivenda ou se realiza a actividade.
Presúmese a utilización do servizo cando existe a posibilidade de habitar a vivenda ou de usar o local por contar con calquera dos servizos de subministro de auga, saneamento ou enerxía eléctrica.
3. No suposto de prestación voluntaria do servizo, a taxa devéngase ao prestarse o mesmo. Non obstante, ao abeiro do establecido no artigo 26 do TRLFL, esixírase o ingreso previo do importe correspondente en concepto de depósito previo no momento de formular a solicitude de prestación do servizo.
4. As cotas serán irreducibles, agás nos casos de alta ou baixa no servizo, en cuio caso aplicarase o artigo 8.6 desta ordenanza.

Artigo 8. Normas de xestion

1. A taxa xestionase a partires dun padrón constituído polo censo comprensivo dos obrigados tributarios, e as tarifas .
2. A alta no servizo de augas conlevará a correlativa inclusión no censo de recollida de lixo.
3. A recadación das debidas tributarias correspondentes á tarifa doméstica dos períodos impositivos posteriores ós das altas no censo, efectuarase mediante a expedición bimestral dos recibos conxuntamente cos da taxa por subministración de auga e conservación de contadores e da taxa pola depuración e saneamento de augas residuais.
4. A recadación das debidas tributarias correspondentes á tarifa dos locais de negocio, administracións públicas e asimilados dos períodos impositivos posteriores ós das altas no censo, deberase efectuar mediante a expedición dos recibos conxuntamente con outros tributos municipais que recaian sobre a actividade realizada no local ou sobre a propiedade do local, cunha eriodicidade máxima anual; sen perxuízo de que tamén se poda xestionar do xeito establecido para as tarifas domesticas.
5. Os suxeitos pasivos están obrigados a comunica-la baixa ou modificación na prestación do servizo no prazo dun mes dende que a baixa ou variación se produzo.

6. Cando a alta, baixa ou variación do censo deriva da solicitude ou declaración presentada polo interesado e a liquidación resultante non modifica os datos consignados polo propio obrigado tributario, non será precisa a notificación expresa da alteración de bases.

7. As modificacións producidas no censo de obrigados tributarios respecto dos suxeitos pasivos do Imposto sobre Actividades Económicas exentos ou na Matrícula do imposto respecto dos non exentos, con efectos na taxa de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, darán lugar á correspondente modificación do censo de lixo do bimestre no que se produce a modificación.

As modificacións producidas no censo do Imposto sobre bens inmobles de natureza urbana con efectos na taxa de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos, darán lugar á correspondente modificación do censo de lixo coa mesma data que a dos efectos da alteración no IBI.

8. As cotas correspondentes a recollidas realizadas a causa ou por petición de parte interesada liquidaranse e faranse efectivos nas oficinas municipais. Cando no momento de formula-la correspondente solicitude, sexa imposible determinar a contía para o ingreso do depósito previo, a cota deberá ser ingresada inmediatamente despois de ser realizado o servizo.

Artigo 9. Infraccións e sancións

Para todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, e a imposición das sancións correspondentes, rexerá o disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

Disposición adicional

Cando a Xunta de Galicia resolva aplicar para un exercicio a bonificación do canon unitario por tratamento de residuos domésticos de acordo coas condicións fixadas no punto tres bis da disposición adicional vixésimo primeira da Lei 11/2013, e aos efectos de manter o principio de equivalencia, aplicarase aos usuarios do servizo con tarifa incluída no apartado 5.1 un desconto en función do importe que supoña a minoración que estableza a Administración autonómica no canon.

O Pleno, previo informe do servizo responsable da recollida de lixo, determinará:

1. O importe previsto de aforro no custo do canon como consecuencia da bonificación.
2. A porcentaxe de minoración a aplicar sobre a débeda neta nun único bimestre aos usuarios das tarifas incluídas no apartado 5.1.
3. O bimestre no que se aplique a porcentaxe de minoración aprobada, tendo en conta que debe permitir a acreditación do cumprimento das condicións consonte o disposto na normativa da Administración autonómica.

Disposición derradeira

A presente ordenanza foi aprobada de xeito provisorio polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día trinta e un de outubro de dous mil dezanove. Contra o acordo de aprobación inicial non se presentaron reclamacións, polo que se entende elevado automaticamente a definitivo. Comezará a aplicarse a partir do primeiro de xaneiro do ano dous mil vinte, e aplicarase mentres non se acorde a súa derogación ou modificación.